

O Grupo Municipal do BNG (Bloque Nacionalista Galego) de Xinzo da Limia, ao abeiro da lexislación vixente en materia de réxime local, presenta ao Pleno do Concello a seguinte **MOCIÓN** ao respecto do **SITUACIÓN DA PATACA NA LIMIA**, para o seu debate e aprobación, se procede.

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A produción de pataca na Limia é unha actividade estratéxica e fundamental, non só para esta comarca, senón tamén para o conxunto da provincia de Ourense. Neste momento está a sufrir unha situación de crise, por iso, desde o Grupo Municipal do BNG, cremos que é imprescindible que exista un apoio e aposta das administracións públicas e poderes políticos para paliar a súa situación estrutural, e non só as situacións de crise que ciclicamente se veñen producindo, sendo preciso, ao noso entender, mudar o sentido da política que o actual goberno da Xunta está a acometer.

O da pataca é un sector que sempre se caracterizou pola inestabilidade dos prezos que perciben os labregos e labregas, anos nos que os prezos se equilibran cos gastos e a remuneración do traballo, alternanse con campañas, como a actual, nas que os ingresos das explotacións non chegan nin para cubrir os custos de produción. Por outra banda, a falla dunha regulación das marxes comerciais crea unha concentración do valor económico da pataca na distribución fronte á produción e elaboración. Neste senso, defendemos que a Administración debería acometer e apostar por medidas de apoio aos labregos e labregas para a comercialización directa e mesmo apoiar á industria de transformación propia, ao igual que fixo o BNG no Goberno Galego en setembro de 2008, cando asinou o contrato homologado no marco da Mesa da Pataca, contrato que tiña como finalidade regular os prezos e que podía axudar ao sector de ter tido continuidade en 2009, medida que acompañou con outras como o Plan de melloras e axudas a novas incorporacións á actividade agraria, que propiciou a incorporación de moitos mozos e mozas ao sector agro-gandeiro contribuíndo a posibilitar a substitución xeracional e atenuar o despoboamento das áreas rurais.

Na actualidade existen contratos privados entre os almacenistas e os produtores e produtoras os cales non ofrecen garantías de ningún tipo para estes últimos, xa que dependen de como vaia a campaña. A industria aplica descontos ou fai calibrados das patacas en función dos seus intereses. No sector da pataca é evidente a dinámica de baixada de prezos, así como as tentativas das grandes empresas do sector para controlar totalmente o mercado, marcando prezos por debaixo dos custos de produción.

Atopámonos diante dun sector que carece de Organización Común de Mercado (OCM), polo que non existe ningún tipo de regulamento nin tampouco axudas de apoio ao mesmo. Faise pois indispensable adoptar medidas correctoras, tanto do sector como dos mercados, para garantir unhas rendas dignas aos labregos e labregas, e para frear a especulación e as oscilacións de prezos ás que se ve sometido.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes:

## **ACORDOS**

- 1. Instar á Xunta de Galiza á efectivización do acordo promovido polo BNG, e aprobado no seu día por unanimidade do Parlamento Galego, para a aplicación de contratos homologados que dean estabilidade aos produtores.**
- 2. Instar á Consellaría do Medio Rural á inmediata posta en marcha e dinamización do Plano Estratéxico da Pataca, que esta elaborou no ano 2003, dotándoo do orzamento preciso.**



3. Instar á Deputación Provincial de Ourense a comprometerse a manter nos seus orzamentos, unha contía económica, anual, para apoiar a este sector estratéxico para a provincia promovendo e orientando o seu apoio económico, cara a investigación e a produción de pataca para semente, co obxectivo a medio prazo de poder abastecer parte da demanda dos/as produtores/as e demandará da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado que se contemplen aspectos fundamentais para a viabilidade do sector, tales como: dotación dun fondo de garantía, execución do plano de regadío, contratos plurianuais, etc.
4. Instar á Deputación Provincial de Ourense a comprometerse activamente na loita contra a fraude na comercialización de pataca allea baixo a denominación comercial de pataca da Limia, instando para isto ás administracións competentes: Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, así como ás Consellerías de Medio rural e Economía e Industria, a que incrementen as medidas de inspección e control.
5. Instar á Deputación Provincial de Ourense, por medio do INORDE, á procura de alternativas para a instalación dunha gran empresa do sector alimentario na comarca e desta maneira pechar o ciclo agrario e industrial na Limia con proxectos sostibles vinculados ao sector da pataca, que favorezan a actividade económica e creen emprego.
6. Instar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a que articule as medidas legais necesarias, para que na formación da cadea de prezos, dos produtos agro-gandeiros, non se produza un desfase tan grande entre o que perciben os agricultores e gandeiros en orixe pola venda dos seus produtos e o que pagan os consumidores cando estes chegan as grandes cadeas de distribución

Amador Díaz Penín

Manuel Pérez Campos

Lucía Nóvoa Joga

En Xinzo da Limia, a 17 de xaneiro de 2012

**ILMO. SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE XINZO DA LIMIA**